

REGALÍA

túa ...



Regalía

N.º 10, Xuño de 2007

Depósito legal: C-1109/99

Edición:

Equipo de Normalización Lingüística e A.N.P.A.

do **I.E.S. Rosalía de Castro**

Santiago de Compostela

Maquetación:

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Marivel Freire, Rosa L. Gato, Juanjo Raíces, Josefa Lorenzo,
X. Luís Rivas, Jose Arca.

Corrección lingüística:

Marivel Freire, Rosa L. Gato

Agradecemos a colaboración de

Xabier Mouriño, Maribel Martín, Ubaldo Rueda e Soledad Pite

Colaboraron os alumnos:

6º (Pío XII) Sara Mouriño Pereiro; **1º ESO A** Anxo Carreira;

1º ESO C José A. Sánchez, **1º ESO D** Jaime Fernández;

2º ESO A Francisco A. Díaz, Pablo Mascareñas, Andrés Peleteiro, Adriano Quiroga, Carlos Rivas, Jacobo Vieites;

2º ESO B Andrea Barreiro; **3º ESO D** Isabel Retuerto, Rita Vidal;

3º DC O grupo completo; **4º ESO A** Mª Ignacia Camiña, David Martínez; **4º ESO B** Rebeca Bernárdez, Miguel Silva;

4º ESO C María González, Carlos Campos;

1º Bach. A Miguel Batalla; **1º Bach. B** Maryna Álvarez;

1º Bach. D Alicia Castelo, Anxo Tato; **1º Bach. E** María Alkayali

1º Bach. F Mª José Sánchez; **1º B.I.** Andrea-Puy Gómez,

Eva Mosquera, Chema Fernández, Carmen Aboy,

Rosa Mª Amarelle, Eva Villar; **2º Bach. C** Guillermo Varela,

María Herranz, Josefina González, David Sánchez,

Anxo Llecha; **2º Bach. D** Raquel Tarrío, Emiliana Rodríguez;

2º B.I. Marina Abel, Ana Cerrada, Luís T. García, Ramón G.

Hermida, Dolores Iglesias; **Animación Turística** Jullo Sánchez.



Carlos
Campos

Impresión: Gráficas Garabal S.L.

Este orixinal premio propónse converter a alumnos de Bacharelato en protagonistas á hora de outorgar un Premio Literario, posto que o xurado está formado por alumnos do Instituto Rosalía de Castro de Santiago e de catro Institutos máis de Galicia. Este é o feito máis destacado do premio, pois normalmente, considérase que os máis novos non temos criterio literario e que o noso non son os libros, senón a televisión e a internet. Así pois, o noso Instituto decidiu polo ano 1995 acabar con isto, fomentando a lectura entre os estudantes e potenciando que os rapaces teñan a oportunidade de mostrar os seus gustos e mailas súas opinións.

Este ano, XIIª edición, os escritores premiados foron:

Isidro Novo pola súa novela *Un escuro rumor tralo silencio*, na modalidade de Lingua Galega

Javier Cercas pola súa novela *La velocidad de la luz*, na modalidade de Lingua Castelá

Abraham B. Yehoshúa pola súa novela *La novia liberada*, na modalidade de Lingua Estranxeira.

O acto de entrega do Premio tivo lugar o 1 de febreiro. Nel, os escritores galardoados tiveron a ocasión de agradecer o feito de que se lles concedese un premio tan excepcional, outorgado por un xurado tan novo, algo que todos eles coincidiron en subliñar. Isidro Novo falounos do seu compromiso con Galicia e maila súa lingua. Cercas, pola súa banda, destacou co seu bo humor, compartindo connosco algunhas das súas anécdotas. E Yehoshúa, botando man dunha tradutora, mostrouse encantado por recibir o premio. O acto discorreu tranquilo e entre bromas, a única pega foi o continuo soar dos teléfonos móbiles dos asistentes á entrega, algo que se debería tentar evitar en futuras edicións.

Máis tarde, celebrouse unha cea no Hostal dos Reis Católicos, onde nolas dúas tivemos a ocasión de compartir mesa con Javier Cercas e aproveitar para bombardealo a preguntas: cando comezou a escribir, se foi difícil facerse un oco no mundo da literatura ou por que escribe. Mostrouse moi cercano e simpático, respondeu a tódalas nosas preguntas pero tamén nos fixo a nós unhas cantas, víase interesado polos nosos estudos e pola situación de Galicia. Hai pouco sorprendémonos de ver publicado nunha revista un artigo seu acerca de tódalas razóns que o impulsan a escribir e o canso que está de que lle pregunten unha e outra vez o porqué de coller a pluma. Seica erramos ó preguntarllo!

Realmente, a nosa experiencia foi moi boa, todo o mundo quedou encantado. Nós, sumámonos á opinión dos escritores: "é importante a existencia de proxectos coma este, tan escasos, que fomenten o coñecemento deste mundo que é a literatura".

premio literario Arcebispo Juan de San Clemente



Raquel Tarrío

Emilliana Rodríguez

MARIBEL

Posiblemente, se tes irmáns ou amigos maiores que estudaran no Instituto, poderanche falar da xefa de estudos, de Maribel, esa persoa que se pasea polos corredores e que moitas veces (para que enganarnos) chega a meter medo.

Nós, quixemos coñecela un pouco mellor e atribuírlle así unha pequena homenaxe tras tantos anos á cabeza da Xefatura de estudos, que este ano deixa.

Maribel, este ano deixas o teu cargo tras moitos anos de traballo e esforzo. Foi esta unha experiencia satisfactoria?

Claro que si. Para min todo este tempo na Xefatura foi marabilloso. Sempre tiveron moito interese en facer un gran traballo no centro, e desde un principio implíqueime cos alumnos e co desenvolvemento do Instituto.

Desde cando exerces o cargo? Seguirás no centro?

Levo na xefatura desde o ano 1985. Xa 22 anos! Aínda que deixo a Xefatura este ano, seguirei vinculada ó Rosalía como profesora e ademais penso que Ubaldo non me deixará, polo momento, marchar dalgúns proxectos. Seguirei con moito gusto relacionada co Premio Literario, co tema da inmersión lingüística que comezamos este ano, co club... Imaxino que aínda me quedan 20 anos máis (risos).

Como foron os teus inicios no Rosalía de Castro?

Cheguei ó centro como profesora,

no curso de 1979-1980, eu viña do IES de Lalín e ó comezar a traballar neste instituto notei unha inmensa diferenza. Daquela, o Rosalía era un instituto feminino, algo que me parecía espantoso. Tamén había certas cousas que eu pensaba que poderían ser melloradas, así que con entusiasmo e con moitas ganas de lograr un cambio no centro e darlle un pequeno empuxón, formei xunto con Ubaldo e outros profesores, un novo equipo directivo no ano 1985, comezando así unha nova andaina.

Como foron eses primeiros cambios, Maribel?

Pois a primeira medida tomada foi converter ó Rosalía nun centro mixto. Nun principio tiñamos moi poucos rapaces, entre 5 ou 6 por grupo pero, entre todos mimámoslos moitísimo para que se sentisen o mellor posible.

Realmente todos os alumnos saben quen é a xefa de estudos, pero seguro que ninguén sabería dicir con precisión que fai concretamente. Cal é o teu labor?

Pois creo que nin eu mesma o sei (risos), fundamentalmente teño que organizar os horarios, axudar ó director, velar por unha organización e, sobre todo, destacaría que teño que garantir que tanto o alumnado como o profesorado estean a gusto, sexan respectados e se atopen contentos aquí.

É tan duro educar como parece?

Para nada, educar é moi bonito, estou convencida de que con ganas e esforzo é moi sinxelo. A min gústame ensinar, educar, aínda que ás veces o alumnado debería de implicarse un

pouco máis sendo algo máis participe na súa propia formación, plantexándonos as súas inquedanzas, preocupacións e ofertándonos todo o que se lle ocorra, xa que o noso labor sería de balde sen eles.

Podés dicir que viches entrar unha xeración e que ves agora saír outra completamente distinta?

Si, o alumnado cambiou moitísimo nestes anos, pasaron tanto alumnos con moitas inquedanzas coma outros con ningunhas. Por exemplo, cando formei o colectivo de Intermón no centro, nun principio, houbo unha inmensa aceptación por parte dos alumnos e, sen embargo, cos anos foi baixando estrepitosamente. Supoño que isto tamén cambiará, pois a sociedade sempre está cambiando, pero certo é que hai anos tiñamos rapaces un pouco máis "traballadoriños".

Maribel, segues mantendo a túa paixón polo ensino?

Por suposto, a miña paixón polo ensino segue latente, non me canso. Se teño algunha pena por deixar a Xefatura é precisamente por perder o contacto tan directo que tiveron durante estes anos cos alumnos.

E agora que comeza unha nova etapa na túa vida como profesora de matemáticas, quen te sucederá na xefatura?

Está previsto que a nova xefa de estudos sexa Gemma Paredes, a quen lle aconsello que lle bote moitísimas ganas e cariño ó cargo e a quen lle ofrezco o meu apoio.

O teu balance e experiencia no centro: positivo/negativo
Totalmente positivo.

Xefa de estudos/profesora de matemáticas

Quédome con ser profesora de matemáticas

BUP/ESO

A ESO permitiunos ter alumnos desde os 12 anos, algo que me gusta moito xa que desta forma os rapaces están 6 anos no Instituto e identifícanse máis con el, cousa que non acontecía co BUP. Aínda que a formación, segundo o meu criterio, era mellor co BUP.

Baloncesto/fútbol

Aínda que pareza mentira, comezamos no Rosalía apoiando ó fútbol, eu era a encargada de lavarlle as camisetas ós xogadores. De feito, algunha vez ténseme atascado a lavadora por mor diso (risos).

Moltas grazas Maribel por deixarnos pasar este anaco de tempo contigo.

Agora entendemos mellor o papel da nosa xefa de estudos, as responsabilidades que conleva, pero tamén a gratificación recibida ó realizar este labor durante tantos anos. Nós queremos desexarlle o mellor. Dalgún xeito, identificámonos con ela, ó igual que Maribel deixa o seu cargo, nolas dúas deixamos tamén o que foi durante 6 anos o noso centro.

Raquel Tarrío
Emiliana Rodríguez



Premiadas no XIX Certame

XÓVENES INVESTIGADORES

2006



¿Por que decidiches facer o Bacharelato Internacional, Alba?

Gustábame a idea de facer os traballos de investigación, aínda que logo tiven un período de indecisión; ó final animeime.

¿Que foi o mellor e o peor do BI?

O mellor, a xente. E tamén a monografía. E o peor, sobre todo o primeiro trimestre de primeiro, foi...

¿É moi distinta a Universidade do Instituto?

Fanche traballar un pouquiño máis pero, se unha cousa ten de bo o Bacharelato Internacional é que te preparan moitísimo. Eu

estouno notando; nalgúnhas asignaturas teño que esforzarme menos que os meus compañeiros. Na Universidade estudas máis pola túa conta.

¿Botas moito de menos a Rosalía?

Deume moita pena marchar. Agora estouno pasando ben na carreira. As asignaturas xa che van interesando máis porque no instituto tes que estudar un pouquiño de todo, aquí xa vas dirixida e podes estudar máis en concreto.

¿Por que fixeches a monografía sobre a visión dos animais?

Porque desde moi pequena interesoume o tema da visión e de feito

estou facendo Medicina para estudar Oftalmoloxía. Sempre me preguntei como poderían ver os animais e que diferenzas habería connosco.

¿Como fixeches a monografía?

Con moita paciencia. Durante o verán tiven que ler moita información sobre o tema. Desde principios de segundo comecei a facela con moitísima axuda de Charo e, pouco a pouco, primeiro plantexando a parte teórica e logo a práctica.

¿Como decidiches cara a onde orientar o teu traballo?

Ah, porque a asignatura que máis me gustaba era a

Bioloxía.

¿Que nota che puxeron?

Un B ou un C, algo así.

¿Recordas algunha anécdota da monografía?

Cando estabamos diseccionando o primeiro ollo, a profesora que me estaba ensinando tirouno ó chan e rebotou. Quedamos todos alucinando.

¿Que sentiches ó recibir o premio?

A verdade é que me sorprendín moito, non o esperaba. O que máis me gustou foi ir a Málaga.

¿Que fixeches en Málaga?

Pois era unha semana na que cada un tiña que expoñer o seu traballo.

Moitas grazas.

¿Por que decidiches facer o Bacharelato Internacional, María?

Pois eu non o tiña moi claro. Impoñíame un pouco. Pensaba que igual me ía ter que esforzar moito. Cando nos reunimos cos profesores do BI, para falar do tema, fixéronnos ver que non había motivo para ese temor. ¡E así acabei eu no BI!

¿Que foi o mellor e o peor do BI?

O peor foi sen dúbida o primeiro trimestre de 1º. Foi moito cambio: acabas 4º da ESO, con notas moi boas, e de repente empezas a suspender exames. *Química* complicase, a pesar de que antes se me daba moi ben. É iso, o cambio, os profesores son máis esixentes, tes que estudar máis...

O mellor... hai moitas cousas, coñeces xente moi interesante. Algúns profesores transmitenche todos os seus coñecementos e despois, cando chegas á Selectividade dis: "¡Cantas cousas sei!" É unha pasada. Tamén é un pouco a experiencia, as prácticas están moi ben, aprendes moitas cousas.

¿Por que fixeches a monografía sobre a clonación?

Porque despois de dubidar entre *Biología* e *Filosofía*, que eran as dúas materias que máis me gustaban, decidín facela sobre algo que mesturase as dúas. Comecei a pensar un tema que fose á vez biolóxico e filosófico. E así ocorréuseme a ética na clonación.

¿Como fixeches a monografía?

En outubro pedínlle a Manolo Rivas que me coordinase, e aceptou. Así que comecei a buscar artigos; os xornais íaos buscar á hemeroteca da USC. E xa por Nadal empecei a escribir a

introdución. E de xaneiro a marzo o traballo consistiu en redactala, incluír fotos... En marzo acaba a monografía.

O vídeo no que falas co teu clon ¿Como se che ocorreu? ¿É tamén parte da monografía?

Non, iso foi para o concurso de Málaga. Un día, Charo, a profesora de *Biología*, díxonos que podíamos presentar as monografías. Animoume a presentar a miña, pois aínda que non era de *Biloxía*, entraría noutra categoría. Convencéronme e mandouse. En xullo saíu a lista cos seleccionados ¡E alí estaba eu! Entón pensei en facer algo orixinal porque falar así do tema é un aburrimiento. Unha conversa co clon foi idea de miña irmá. En setembro gravámolo e así foi para Málaga.

¿Como calculaches o tempo tan xusto?

Foi todo grazas á miña irmá e a un cronómetro.

O de levar a mesma roupa na presentación que no vídeo ¿Foi preparado ou coincidencia?

Foi preparado. En Málaga tamén levei a mesma. Estiven desde que o gravei ata o concurso sen poñela.

¿Para quen expuxeches o traballo?

Os membros do xurado eran profesores de Universidade, persoas do CSIC (Centro Superior de Investigacións Científicas). A maioría dos traballos estaban presentados en Power Point. O meu resultou distinto, orixinal.

¿Que premio che deron?

O terceiro posto. O meu premio é unha estancia de 15 días nun centro do CSIC.

Grazas por dedicarme o teu tempo.

Foi un pracer.



PROGRAMA PRENSA-ESCUELA *La Voz de Galicia*

Diverblog do Rosalía

Blog d'el a Lan 11 de 3º DC

Hoxe venres
Monólogos
literarios

Esta é a
celebrará

Participaron
fixeron oír no
os seguintes

Agora a gañar

Son aquela mañá
entre orballo das
entre area de sen

DIVERBLOG DO ROSALÍA

Caladriña eu cham
en berros que ho
cando o navío de
o meu mar cheo e



O noso blog foi creado dentro do programa Prensa-Escuela de *La Voz de Galicia*, que xa o curso pasado incluiu os blogs como ferramenta de traballo na aula. Este curso os alumnos de 3º DC xunto coa profesora de Ámbito Lingüístico-social animámonos a facer un; chamámoslle *Diverblog do Rosalía*.

Un *blog* (abreviación de *weblog*) é unha especie de caderno ou diario na rede que se actualiza periodicamente e que recolle textos ou artigos de un ou varios autores, ordenados cronoloxicamente. Os lectores poden comentar cada artigo no espacio indicado e o autor pode contestarlles, co que se converte nun recurso interactivo.

Nós publicamos textos, artigos, novas, fotos... que dividimos en seccións: *as nosas cousas*, *o noso instituto*, *as nosas excursións*, *a nosa cidade*, *noticieiro semanal*, etc. Tamén se pode utilizar para mandar traballos, lecturas, etc. Así falamos das nosas cousas, comentamos novas e temas de actualidade, facemos artigos informativos relacionados -ou non- con temas que traballamos na clase, etc. Sobre todo aprendemos a buscar información, entendela e resumila. Ademais tamén colgamos fotos, enlaces e vídeos, ou comentarios a outros blogs.

É bastante entretido, xa que andamos en internet, buscamos, miramos outros blogs, e tamén os comentarios que nos poñen. Pasámolo moi ben, sobre todo agora que ten máis seccións e podes traballar na que máis che guste, estes días estamos aprendendo a "colgar" vídeos. O máis divertido é buscar o teu propio artigo ou "post", algo que che guste para que saia con máis fluidez.

Cada semana adicámoslle un pouco de tempo a este blog, pois hai que actualizar todas as semanas; participan moitos colexios e institutos de Galicia. Podedes vernos en www.prensaescuela.es (picades en "blogs", logo en "blogs en marcha" e buscádesnos); outra maneira é buscar en Google "diverblog rosalia" e picando no enderezo xa aparece.

Animádevos para o próximo curso.

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Antes de ser Reitor ¿Cal era a súa ocupación?

Pois era, e son, catedrático de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial. Ademais era director do departamento de Electrónica e Computación.

¿Cambiou moito a Universidade desde que vostede estudou ata agora?

Cambiou absolutamente, en oferta docente, investigación e sobre todo en canto ó concepto de Universidade, que agora está moito máis integrada no resto da sociedade.

¿Cre vostede que coa nova Lei de educación os futuros estudantes estarán á altura das esixencias da Universidade?

Penso que o texto reformado ten melloras sensibles. A min gustaríame que incidise nunha maior participación dos estudantes na vida universitaria, mol escasa, sobre todo para engarzar mellor a formación que reciben nas aulas e nos laboratorios co exercicio profesional que van desenvolver.

Sendo as carreiras de Ciencias da Saúde as segundas con maior demanda, ¿como é posible que a Universidade só poida satisfacer o 35,1 % fronte a un 100% das demais demandas?

A razón é que temos uns recursos insuficientes respecto ó que sería o noso desexo.

¿Baixarase a nota de corte en Medicina nos vindeiros anos?

Quen decide a nota de corte é a demanda.

No caso de Medicina hai un elemento engadido, é que estes estudos están regulados por unha directiva europea que establece o número de médicos potenciais en relación á poboación.

¿Cales son agora mesmo as carreiras máis demandadas?

Medicina, Comunicación Audiovisual...

Un consello para os futuros universitarios.

Esfuerzo. A intelixencia só non basta, hai que acompañala cun esforzo e compromiso coa túa responsabilidade.

¿Cales son as carreiras con máis saída laboral?

Hai algunhas que son especialmente polivalentes e son en valor absoluto as que no mercado laboral teñen unha maior demanda. Algunhas das Inxeñerías, Dereito, Dirección e Administración de Empresas, Enfermería, Medicina...

Se tivese unha varíña máxica ¿que cambios introduciría na Universidade?

Aumentaría os recursos. Reestruturaría unha gran parte da Universidade, converteríaa na mellor do mundo.

¿Cre posible facer iso sen varíña máxica?

Espero que a administración faga un esforzo na cuestión dos recursos. Convertir a nosa Universidade na mellor do mundo está na man dos que a conformamos. Así que, esperámosvos a todos para axudarnos nesta tarefa.

Chema
Fernández

Alicia
Castelo

A catedral compostelá

As escavacións levadas a cabo no subsolo da catedral a partir do 1946, puxeron ao descuberto o cemiterio sobre o que foi edificada a Basílica. O estudo das sepulturas da necrópole, permitiu descubrir diversos niveis topográficos e cronolóxicos que corresponden ao período romano (I-IV). As tumbas suevas están decoradas coa clásica estola, signo de inmortalidade. Os primeiros cristiáns gustaban de atopar o descanso que conduce á resurrección preto do enterramento dos mártires. A tumba do Apóstolo, mausoleo romano do século I-II, foi sempre o punto de referencia para todos os templos que se construíron neste lugar. O enterramento compostelán é, sen dúbida, a razón de que xa no século VI se atopan igrexas dedicadas a Santiago en diversos lugares de Galiza e Asturias. Xa San Isidoro de Sevilla (570-636), na súa obra *De ortu et obitu Patrum*, escribe: "Spaniae et accidentalium locorum evangelium praedicativ et in occasum mundi lucem praedicationis infundit". Segundo San Isidoro "Santiago predicou o evanxeo en España e nas terras occidentais, e introduciu a luz da predicación no fin do mundo".

Nos comezos do século IX, produciuse un feito trascendental: o redescubrimento da tumba do apóstolo Santiago o Maior. Non é esta necrópole o único testemuño da ocupación de Compostela ou dos seus arredores, xa que no centro da cidade existen enterramentos da Idade de Bronce e consérvanse nomes que fan referencia a esa cultura, como expresa a "Porta da Mámoa" xa que mámoa significa túmulo funerario.

Que sabemos do sepulcro de Santiago? O códice Calixtino e a Historia Compostelá fálannos de que o sepulcro de Santiago estaba nunha "domúncula", "cella" (cuarto, pequeno dormitorio). Este tipo de mausoleo é moi frecuente en Roma. É significativo que o bispo Teodomiro, que rexía a sé de Iria, quixese enterrarse na cidade do Apóstolo. A súa lauda funeraria foi atopada nas escavacións feitas no subsolo catedralicio entre 1946- 1959. Nos comezos do século IX, nun curruncho do mundo daquela coñecido, no Fisterra galaico, unha "memoria" dun apóstolo, cumpre a función de estela orientadora da incipiente Europa. Que é exactamente Europa? Máis que un continente, é un contido, como dicía Ortega e Gasset. É un concepto relixioso-cultural e histórico.

No século XVI retiráronse as Reliquias de Santiago o Maior e dos seus discípulos. Por temor a que foran profanadas polas tropas de Drake, agocháronse detrás do mausoleo. No 1879 levantouse o lousado e escavouse para descubrir novamente os sagrados restos. O Papa León XIII, tras uns estudos anatómicos e arqueolóxicos, comunicou ao mundo o feliz achado por medio dunha bula "Deus Omnipotens".

O nome de Santiago non se atopa ata mediados do Século X. Serios estudos lingüísticos demostraron que un dos antigos nomes do lugar Liberum Domun, procedía, non do latín, senón do celta (lugar de paso e altura). A etimoloxía popular faino derivar do latín Campos stellae (campo da estela), sen esquecer a Vía Láctea, á que se bautizou como Camiño de Santiago. Sen embargo, as escavacións mencionadas revelaron a existencia dunha antiga necrópole. O nome de Compostela procedería entón do latín *Compositum* (reunir, xuntar), que pode ter o sentido de "enterrar".


O sepulcro de Prisciliano non está en Santiago.

O priscilianismo xorde en España cara ó ano 370-375 por obra dun laico de nome Prisciliano. O seu gnosticismo, de ton maniqueísta, está repleto de conceptos máxicos. Construíu un rigorismo moral que intentou facer extensivo ao pobo. A pesar de ser condenado en Zaragoza no ano 380, foi consagrado bispo de Ávila aquel mesmo ano, para ser deposto no ano 384 por un sínodo celebrado en Bordeos. O seu final é trágico: no ano 385 foi executado polo emperador Máximo. A execución esperta a indignación das personalidades da época, especialmente do Papa Dámaso e de San Ambrosio, que sen embargo rexeitaran as ideas do herexe.

A única razón para fixar nas nosas latitudes a tumba do heresiarca e dos seus compañeiros é a persistencia de adeptos aquí. Está, quizais, na parroquia de San Miguel de Valga? Na ermida dedicada a San Mamede, en dita parroquia, atopáronse sarcófagos antropoides tallados en pedra que ben puideran pertencer ao século IV. Tamén existe un topónimo altamente suxerinte nas súas proximidades: o nome Os Martores podería ser unha evolución dos Mártires.

Despois de todos os estudos realizados podemos dicir que os corpos do edículo-relicario descubertos na Cripta son unicamente tres: Santiago e os seus discípulos: Atanasio e Teodoro.





Laura Gallego García naceu en Quart de Poblet (Valencia) o 11 de outubro de 1977. Despois de estudar Filoloxía Hispánica, actualmente compaxina a realización da súa tese sobre as novelas de cabaleirías coa creación literaria. En 1998 a autora gañou o Premio El Barco de Vapor por *Finis Mundi*, e en 2002 volveuno a gañar con *La Leyenda del Rey Errante*. Tamén publicou, ademais, *El coleccionista de relojes extraordinarios*, *Las hijas de Tara*, *Memorias de Idhún I: La Resistencia*, *Memorias de Idhún II: Triada*, *Memorias de Idhún III: Panteón*, así como unha nova edición, repleta de extras, de *Crónicas de la Torre*. Varias das súas obras foron traducidas ó alemán, ó inglés, ó italiano, ó portugués, ó francés e ó coreano.

No que respecta ó contido do último libro da triloxía, *Panteón*, Gallego sinala que os lectores encontrarán nas súas páxinas “moitas sorpresas”, e explica que “os personaxes son máis maduros e seguen medrando e experimentando cambios. Tamén coñeceremos algúns lugares de Idhún que aínda non chegáramos a recorrer; e, por último, e quizais máis importante, neste libro atoparán as respostas a moitos enigmas da historia de Idhún, pasada e recente. Por suposto, tamén hai que ter en conta que a triloxía remata aquí, e espero terlle dado un digno final”.

Os seus libros, namais saír ó mercado convértense nun best seller. *Panteón* encandilou a miles de lectores, tendo unha tirada inicial de 90.000 exemplares.

Empezou a escribir cando só contaba 11 anos. Ata agora publicou dezanove libros, ademais de guiños para debuxos animados. A escritora recibe unha media mensual de oitenta cartas e dous centos correos electrónicos dos seus admiradores.

¿Hai algún antecedente na túa familia dalgún outro escritor ou escritora?

Non, creo que son a primeira.

¿Consideras a túa literatura xuvenil ou para todos os públicos? ¿Por que?

Os meus libros pódenos ler todos, mozos e adultos. Pódese poñer unha barreira por abaixo: dez anos, pero limitalos por arriba é absurdo. Eu mesma leo libros para adultos, infantís ou xuvenís. Eu digo que escribo literatura xuvenil porque a maior parte dos meus lectores son adolescentes. É o lector o que decide a calificación por idades dunha obra.

¿Tes unha predisposición a escribir literatura xuvenil ou falo espontaneamente?

Non sei se é porque aínda son nova, porque empecei a escribir moi nova ou porque o que escribo ten os ingredientes adecuados para gustar máis ós mozos que ós adultos.

¿Foi moi difícil comezar a publicar os teus libros?

Xa o creo. Durante dez anos estiven mandando cousas a editoriais e concursos. Rechazáronme trece libros antes de empezar a publicar. *Finis Mundi* é número catorce.

¿Como se ve o “boom Harry Potter” desde o teu punto de vista?

Paréceme estupendo que se teña armado semellante zafarrancho por algo literario. O que me parece un pouco demencial é que, entre as películas e o merchandising, a xente esqueza con tanta facilidade que estamos a falar de libros.

¿Que libro lembras máis especialmente no seu proceso de escritura?

***Memorias de Idhún*.**

¿Que foi o que máis condicionou a trama dos teus libros?

Todos os libros que lín. Se non lese, non escribiría.

¿Cales son os teus libros preferidos (doutros escritores)?

***La historia interminable*, de Michael Ende; *El alquimista*, de Paulo Coelho; *El último unicornio*, de Peter Beagle; *El ciclo de la puerta de la muerte*, de M. Weis y T. Hickman, etc.**


¿Cal é o libro que máis che impactou?

O que máis me impactou, en toda a miña vida, foi e segue sendo *La historia interminable*.


Laura, quedámosche moi agradecidos por dedicarnos o teu tempo.

Foi un pracer. Gústame saber que os meus lectores se interesan por min.

**Alicia Castelo
Chema Fernández**



POLO DESERTO, UN CABAIREIRO
VAI A PROCURA
DA SUA AMADA.
ATRAPADA NO CASTELO E
CUSTODIADA POR UN DRAÇÓN



É O MOMENTO
DE FACER HONOR Ó
MEU NOME

ESTIVEN
ENTRENANDO
TANTO TEMPO
PARA ESTE COMBATE...



TRANQUILA
RULA,
NON TES
QUE TEMER

XA
PODES CAGAR
CO MEPO.
DRAÇÓN



AQUI
DEBE
SER



SAE MALDITO
VERME
ENCARAME



¿HUM?



¡ARF!

Ree
rick



GUILLERMO VARELA



Amar

...amar... é o maior pracer que nos proporciona a vida, o máis simple e marabilloso. É un precioso obxecto... É aceptar unha aventura na que exploras e descubres o teu propio interior. Contemplamos con ternura os sentimentos, alegrías, carencias, temores, esperanzas, dores, anhelos... é o que hai detrás do noso escudo, alí onde late un corazón sensible e desamparado.

Entendo que exista un desequilibrio, un caos produto da nosa ignorancia, non confías en ti mesmo, pero non aprendes a apreciar o que realmente es. Pero debes aceptar o que che ensinou a experiencia e erguerse das túas caídas.

Por iso, axudareite, crendo en ti cando ti dubides. Contaxiaraste da miña enerxía e o meu entusiasmo cando te sintas vencido. Apoiareite cando flaquees, animareite cando titubees. Hel de coller as túas mans con firmeza se te sentes feble, confiarei en ti e acariñareite con dozura se algo te entristece, sen deixarme arrastrar pola túa desdita.

Quero compartir as túas alegrías, disfrutar da túa compañía sen reterte, nin impedir nada e vivir o presente sinxelamente polo gusto de estar xuntos sen atadoiros, nin obrigas. Pero permíteme dicirche algo, gustaríame que respectases os meus dereitos, quero establecer os meus propios límites, mantelos firmemente, seguir sendo quen son. Tamén recoñezo e respecto os teus, apréciote sen condicións, non te xulgo, nin pido que actúes de acordo coas miñas expectativas, nin que te amoldes ás miñas ideas. Valórote como es, non por ser como eu quixese que foses. Se o destino fai que as nosas vidas se afasten sen remedio... dígoche de corazón que eu poderei despedirme de xeito que os dous poidamos lembrar con cariño aqueles momentos irrepitibles. Escolle o teu propio camiño, aínda que este non coincida co meu. Non che esixo que me deas o que non podes ou non desexas darme.

Branca-neves cre que a súa nai lle quere ben. Cre que en dous ou cen anos ese ananiño medrará e poderá sorprendela cunha aperta polas costas, respirarlle na caluga. Que ninguén lle dará mazás envelenadas e que os diamantes, que os seus amigos traen, proceden dalgún negocio próspero e nobre -si, tan nobre coma os homes que os escravizaron de pequenos a traballar nas minas para que así nunca puidesen medrar-; que o cazador non sufriu castigo ningún, que as pombas e os cervatos só terán que pastar e cantar para vivir. Que non existen o frío nin as malas intencións, que todo o mundo pensa en se causa dano aos demais antes de facer algo. Xa non cre no lobo feroz. Que as tortas de cereixa sempre presentan eses bordes tan perfectos e eses cortes simétricos que trazan paxariños azuis; os cubertos nunca se emporcan e calquera dos sete saberá toca-lo acordeón; os coellos teñen ollos brillantes de longas perfebas e só hai primavera. Que ningunha anciá é envexosa e ninguén lle desexa o mal ao seu próximo. Só fará falta ser encantadora para nunca ter problemas. Os cadaleitos de cristal véndense en calquera lugar do bosque e as raposas choran.

Non coñece nin a lama nin as follas secas e húmidas pudréndose entre as raíces desas árbores de orondas copas e pólas suaves e lixeiras.

O licor non existe máis ca na boca daquel que o bebe e un corazón de xabarín engana ás raiñas tolas.

O príncipe azul destinxo enriba dun corcel de dubidosa brancura -ben, en realidade tampouco é un cabalo- e non hai máis nada no mundo que ese trotar incómodo nunha montura pequena de máis que para dous.

Pero abrázase á súa sorte e non deixa ver a ninguén que a neve tamén se mollia de sal, e non por iso se derreten as gorentosas cores de piruleta das súas meixelas. Pecha as pálpebras e quere que un esvelto ananiño suspire na súa caluga...

Maryna Álvarez





Positivo

NADIA camiña agora polas transitadas rúas. Na súa man dereita, un documento envelenado cambiou un destino, desfixo unha vida. Mensaxeiro de malas novas, carta maldita que ela nunca debeu ler. A súa sentenza está ditada. Positivo. DI POSITIVO. Bágoas percorren o seu rostro porque agora está soa. Soa sen consolo, soa sen amigos ós que voluntariamente perdeu. Algo medra no seu interior. MEDRA. Medra ós poucos, gañando terreo, usurpando cachiños de vida... e non deixa nada ó seu paso. Unha medida, unha porcentaxe. Dimensións. Carraxe. Carraxe que sente Nadia porque lle tocou recoller o froito do que sementamos todos. Palabras baleiras... sen sentido. Nada. Nin un apóio, nin un quérote, nin un animate nin un non chores. Nin esperanzas. Nada.

Nadia vivía nunha miserable casoupa. Alí non sobra nada, mais tampouco nunca faltou o pan. No seu pobo non había fábricas nin centros comerciais, nin concorridas rúas cheas de vida. Esa vida que hai nas cidades, tan moderna e tan fantástica, na que a xente se atopa e se cruza, pero non se coñece nin se ve nin se importa. Onde hai moita opulencia e comodidade, moitas présas e moito que facer. Moitas tendas de roupa e de souvenirs. Moitos fumes e contaminación. Nadia non coñecía iso ata agora. Mais non importou. Ela está ferida tamén. Infectada por esa epidemia que se propaga e se espalla, coma un fume tóxico, imparable, indestruíble. Nunca tivo posibilidades de chegar a este mundo de benestar. Pero el ben puido atopala a ela.

O seu corazón desesperado pide clemencia, mais o que está feito xa non ten solución. Cada latido marca o pulso do ritmo exacto da conta atrás. Discreto, silencioso, o seu mal avanza dentro dela. Comparten os dous o mesmo camiño. Xuntos e inseparables. E ela segue... Cada paso que dá é un tramo máis que a lonxa do fogar. A onde non vai xa volver.

E mentres, outros van a Marte, descóbreanse planetas... Pero Nadia vive triste e sen consolo, porque o seu non ten cura. Aló en ultramar hai mellores máquinas. Pero Nadia non é famosa nin é rica, nin manda, nin pinta nada no mundo. Nadia camiña soa, só recordos a seguen detrás.

Ó lonxe óense badaladas que marcan o paso dun tempo burlón. Cada bágoa que cae é unha esperanza que morre. Cada tic-tac é un segundo menos que lle queda de vida.

E continúa avanzando, marchando soa e afixida. Sen rumbo. Sen alento, sen ilusións. Sen amparo, sen axuda.

E chega o final, e acábase, e vaise, e adeus.

párate a pensar



Nos días de hoxe, nos que un xa non ten tempo para pensar, pode resultar chocante preguntarse: quen son eu?, como existo?, estas preguntas non resultarían para nada fóra de lugar hai un século cando o Existencialismo acaparaba o pensamento retorcido de moitos, dominados por unha anguria que os facía sentirse sós no mundo e ver a vida como un camiño cara á morte.

Pois ben, segundo a corrente existencialista hai dúas fomas de existir: a existencia inauténtica e a auténtica.

A existencia inauténtica consiste no simple vivir, devorcado cara ás cousas e o seu goce ou a súa penuria, pero aceptado como algo dado; esa é a despreocupación pola existencia, non facerse cargo dela, é simple vivir, non moi lonxe da vida animal. É a existencia que fai que comprendamos o noso ser como unha cousa entre outras cousas. É a pura impersonalidade ou despersonalización e a confusión co mundo das cousas.

A existencia auténtica é a asunción da propia existencia como un proxecto, como algo que hai que facer afrontándose ás cousas; é incluso recoñecer o absurdo da propia existencia, que ó final termina en nada, na morte. Isto ponlle un punto de sentido á nosa liberdade, á ilusión de elixir de forma indeterminada calquera cousa. É asumir o destino e ter que aceptar a vida e o existir baixo a forma de sentido e nihilismo: nada paga a pena, porque todo está condenado ó fracaso. Isto produce arrepio e angustia.

Diante disto cabe refuxiarse outra vez na existencia inauténtica, distraerse, non pensar. Pero tamén se pode asumir de forma lúcida e, xa que estamos condenados á morte e ó sentido da mesma, temos que ser nós os que lle deamos un sentido; exercer a liberdade que nos queda para inventar posibilidades de vida mentres esta dura. A morte pode facernos pensar no outro lado dela mesma, a vida, para apreza-la, para vivila intensamente de forma lúcida e para iso hai que procurarlle un sentido, non simplemente vivir.

A existencia inauténtica e a auténtica diferénciase entre agochar a cabeza debaixo das ás ou afrontar a vida como o que é: unha oportunidade de ser dun determinado xeito mentres se é.

E ti? Practicas a existencia auténtica ou a inauténtica? Párate a pensar.

Luís Tomás García

VERBAS ALLEAS

Coitelos,
"cuchilos" e "cuchillos"
fouciños e lampos,
fouces, gadañas,
machetas e machados.

Sanguentas verbas
que feren oídos.

Coitelos
que abren en canal,
fouciños
que cortan cacheiras,
fouces
que rozan cerebros,
gadañas
que apañan timpanos,
machados
que fendem cabezas.

Fonemas estranxeiras,
grafemas doutros,
traidoras verbas alleas
que me rompedes o alma. Foral

Anxo Tato Arias

CHAMUSCO

O monte está queimado,
e os labradíos
e as leiras,
os prados todos ardidos.

"Os árbores" están queimados
e as sachas
e tractores,
as árbores todas chamuscadas.

E homes
e as mulleres,
as aldeas están queimadas,
e as casas.

E o meu corazón
neste chamusco sen fin
tamén está queimado.

Forzas do ar,
e terra e mar:
é lume.



Ter que escoller tres palabras da nosa lingua resúltame moi difícil. Tres palabras. Tres palabras tan só, entre un universo de palabras. Todas coa súa particular beleza. Se puidera escolleríaaas todas, pero sendo tres penso que serían: sentimentos, ilusións e lembranzas.


Sentimentos, pola emoción que nos producen, bos ou malos son imprescindibles. É o que nos fai sentir vivos, que amemos e sexamos amados, que aprecemos e sexamos prezados, que odlemos e sexamos odiados, que nos fagan chorar e facer chorar. Sentilos non é o que nos dá vida pero si o que nos fai sentir vivos. ¿De que serve estar vivo se non te sentes vivo?

A ilusión, ter ilusión polas cousas, incluíndo as máis pequenas. Ilusión por todo, por "ese" día, por "esa" noite, por "iso", por calquera cousa, por todo, por nada. Por todo o bo que nos vai acontecer, sobre todo naqueles momentos en que te sentes só. A ausencia de alguén, a pobreza, o desengano... Ilusión por un mundo mellor, sen guerras, sen discriminación, sen acosos; onde todos teñamos as mesmas oportunidades e dereitos e onde poidamos expresar libremente as nosas opinións.

Lembranzas, porque somos nós, os nosos desexos, a nosa historia. Aquela cicatriz ou aquela fotografía somos nós, a nosa vida, a nosa familia, amigos, mozos, lugares, mascotas, golpes, ídolos... desde que temos uso de razón temos recordos; os bos quedarán na memoria e os malos trataremos de esquecerlos, pero seguirán formando parte de nós.

Marina Abel

Tres máxicas palabras



DEITADA FRONTE AO MAR

Contemplouse no reflexo que de si mesma lle proporcionaba a auga. A súa vida detívose naquel estraño espello; os seus pensamentos, as súas ideas, a súa realidade convertéronse en mera auga. Disolveuse nun pequeno mar de gotas de auga doce como as sobremesas que tanto gustaba de elaborar. Aínda que aquel charquiño non era nada en comparación cos milleiros de bágoas que brotaran dos ollos da súa familia e amigos ao veren que ela xa non estaba. O silencio imperou en todo o lugar, só perturbado polos saloucos ou polas verbas que bisbaban entre lalos, “que desgraza, que desgraza”. Pero ás veces a realidade é máis desgrazada e cruel cá fantasía; porque ningunha persoa real chorou por ela ou tan sequera a estrañou. Isto foi a causa de que ela se disolvese, porque cando es tan transparente que ninguén te ve ou te escolta, só daquela, nada importa nada: comezas a chorar e rematas por converterte en bágoas de auga salgada. E aínda convertida en charca seguiu a chorar amargamente pola agre realidade. E aquela auga de catro sabores continuou a xemer polo seu estado, ata o punto no que xa non era unha charqueira, un estanque, un lago, unha lagoa, un río ou un mar: transformouse nun fermoso océano polo que navegaban homes e mulleres na procura de liberdade ou de soños que se cumprirían se o destino o decidía. Homes como aquel que a abandonara para voltar con cartos mais sen fortuna, pois a meniña dos seus ollos disolvérase de tanto chorar.

En 1907, xusto un ano despois de fundación da Real Academia Galega, nace María Mariño Carou en Noia. Filla de Xosé María Mariño e Filomena Carou, era a segunda de cinco irmáns.

As dificultades económicas polas que pasou a familia mentres viviron en Noia marcaron a súa infancia e xuventude. Durante estes anos asistiu á escola e traballou como costureira en varias casas da localidade. Xa daquela os veciños a recordan coma unha persoa estraña e solitaria.

En 1926 trasládase coa súa familia a Escarabote, en Boiro, á casa dunha tía súa. Alí ten acceso a unha boa biblioteca no pazo onde a súa familiar traballaba e fai algunhas lecturas. O descoñecemento da cultura libresca por parte de María Mariño é un dos aspectos subliñados por Uxío Novoneyra, ao insistir na orixinalidade da súa escrita.

Casa con Roberto Pose Carballido en Escarabote en 1939 e máis tarde trasládanse ao País Vasco, en 1945, onde vai nacer o seu único fillo, aínda que morrerá ao mes e medio de vida.

En 1946 regresan a Galiza e instálanse en Romeor do Courel a onde vai destinado o seu home, mestre; alí falece un ano despois a nai de María Mariño.

A forte depresión que sofre a escritora aconsella o traslado a Parada do Courel, onde pasará o resto da súa vida. É alí onde en 1953 coñece a Uxío Novoneyra. Segundo información del, María Mariño comeza a escribir en 1957, e en 1958 inicia a súa primeira obra, *Palabra no Tempo*. En 1960 Ramón Otero Pedrayo escribe o Limiar para esta obra, que se edita en 1963 na colección “Tesos Cumes” da editorial Celta.

Tres anos despois, María Mariño escribe a súa segunda obra, *Verba que comeza*, e tan só un ano despois, en 1967, morre a causa da leucemia que padecía.

Non foi ata 1990 que o Concello de Noia editou esta obra da escritora. Ese mesmo ano aparecen “*Cinco Poemas Inéditos de María Mariño*” na revista *A Trabe de Ouro*. En 1994, edicións Xerais edita a *Obra Completa*, que recolle toda a escrita de María Mariño.

Os seus restos mortais descansan no cemiterio de Seoane do Courel.



María

Mariño

Ilustración: David Martínez

Ramón Hermida

a poesía de María Mariño

Fálase dela entre cun certo ton de misterio e ambigüidade, e tense dito incluso que esta muller fora unha lenda, unha figura mítica, "que endexamais soou aquela caracola perdida no Courel". Mais si soou, e dun xeito fascinante, sendo quen de fundir a palabra co tempo, de inmortalizalo non só como o inexorable latido do seu paso cronolóxico, senón coma a fusión no papel do pasado, o seu presente e un angustiante e temible futuro no que a morte, que xa sentía próxima, se fai dona dunha vontade truncada por unha enfermidade.

María Mariño funda o devalo do mundo na súa apaixonada visión da natureza, coa que se identifica de tal xeito que chega a cederlle a súa propia alma, o seu propio interior para encherse dos elementos da natureza que a rodean. Sente o peso da materia sobre si e unha forza natural máis forte ca ela é quen de anular a súa individualidade, tal e como Méndez Ferrín e Uxío Novoneyra deron en interpretar coma unha experiencia mística na que o "espírito" da poeta se funde co "espírito" da materia. Deste xeito a autora semella falar coa natureza, comprender as súas voces dende o máis absoluto silencio das terras do Courel.

Se normalmente as vivencias e os sentimentos dos poetas son reflectidos nos seus poemas, no caso de María Mariño isto vai máis aló, significa unha conexión íntima que configura a súa obra dentro dun entusiasta intimismo radical. Mergúllase nun "eu" que busca o máis auténtico de si mesmo tanto como descubrir o misterio da existencia. Pode que polo feito de que comezara a escribir preto xa dos 50 anos, a súa poesía é xa a de alguén que coñece os golpes que pode dar a vida e a forma en que esta pode truncarse nun momento, como a ela mesma lle ocorreu: perde a un fillo e pouco despois morre a nai á que se sentía moi unida.

Este é o motivo polo que a súa poesía se converte nunha investigación da realidade máis profunda da súa alma. Ó avanzar a enfermidade que a consome -a leucemia- a súa poesía orientárase á morte, á soidade do ser, ó medo e á angustia, abandonando en parte os poemas máis luminosos de *Palabra no Tempo* nos que trataba da comunión coas cousas, da integración do universo, da harmonía cósmica...E desta maneira a súa poesía desgarrada converterase no seu propio escudo contra a enfermidade.

María Mariño foi loada pola súa forma de escribir, pero tamén foi fortemente criticada: "a escritora que posiblemente menos libros lera" non gustaba a todo o mundo.

A súa escasa cultura literaria impulsouna a resgardarse na cultura e na lingua popular; unha das características máis relevantes da súa lírica é a utilización da lingua falada: elisións e apóstrofos, castelanismos ('soedá', 'polvareda', 'leín', 'prazuelas'), dialectalismos do Courel ('camín', 'escuitar', 'iles', 'teín'), etc.

Estes trazos populares son explicables pola situación que vivía o idioma galego: carente de oficialidade, de ensino nas escolas, empregado en poucos ámbitos...

Pero MM presenta outras características innovadoras: rompe a palabra, trastócaa, invéntaa. Faino basicamente destas dúas maneiras:

A) cambia de categoría as palabras (metábase), p.ex. quere expresar o concepto que está nun adverbio e convérteo en substantivo, o mesmo sucede cos adxectivos; velaquí os sorprendentes resultados:

- *Eu sentía un lonxe triste*
- *Hoxe o meu farto é baleiro.*
- *Daquel cantar pensei sempre que era un logo de alegría.*
- *Lumeiro que alumeas con luz de sin farol.*

B) fusiona dúas palabras para crear outra cun novo significado; son as palabras maleta (tamén practicadas por Lewis Carrol, James Joyce, etc.):

- *Chega un ben en voz-cantar*
- *Encende luz-día na cinsa dos mortos*
- *A noite foi un cantar dun fiel ben en voz-deserto.*
- *berro vivo, verbas-contas do que eu non podo acordar.*
- *Non palpo seu mundo cego-mudo.*

E outras: *craro-longo, berro-alento, ósos-cinza, arranque-brío, luz-verba....*

Así pois, María Mariño foi unha poeta rompedora, vangardista, e que tivo a sorte (ou a desgraza) de vivir apartada de todos os círculos literarios da época; unha 'dinamiteira da fala' en palabras de Novoneyra. Ferrín dixo dela que exercera "unha ruptura interior do idioma" para mostrar as fondas vivencias polas que pasara.

Dolores Iglesias

dinamiteira da fala



Ilustración: María González

Palabra no Tempo

¡Inda vou na meniña
aquela que fogueaba sin leito!

¡Son aquela!
¡Son aquela que no bosco
escuitaba o himno dela!

Son aquela mañanciña,
entre orballo das rosas,
entre area de sendeiros,
onde atopaba a campana.

Caladiña eu chamaba
en berros que hoxe esquezo,
cando o navío de lonxe
o meu mar cheo atracaba.

Hoxe do souto de ouro,
onte do meu recordo!

A terra dará outro fillo, ano erguido de sonos.

Comenzará a frorecer, a ofrecer e a dar.
Logo, ó verse brilar,
os seus sonos axeados
irán sin remedio morrendo, morrendo i esperanzados.

Hoxe de souto de ouro,
onte do meu recordo!

O noso outono non brila, non ten de ouro a mirada.
O noso outono soio ten o silencio da chamada...

Quero saír a un camiño e non sei por onde andar.
O hoxe non sabe ir soio.
Onte lévao pola man.

Días e días tecín na tea do meu tear.
Hoxe a tea toda feita del n'a podó sacar.

Verba que comeza

Aquí che deixo, meu peito canso, aquí
che deixo,
aquí che deixo neste branco papel trillado, neste
percuró das horas.
¿Quen eres -preguntaranche- quen eres?
Son a néboa que anda soia, son o sol
que quenta as queixas, dos camiños
son o farto,
son o sono que rixe
mundo que verte tempo,
son o berro caladiño entre arranque-brio de sono
morto.

Eu non sei quen manda hoxe que fixo de min
pingoadá.
Vou rolando, no me teño,
no me pilla o Sol,
no me ergue a nebra, rolo,
rolo,
rolo por pulo,
rolo por retornos
e por pisadas vellas.
Atrancouseme no paso unha migalla de aurora.
Era a Lúa soia,
era o Sol que voces daba,
era néboa envolta,
era auga que corria,
era vento,
era a Terra toda.

Está caendo a folla i en min nace primavera,
Quen entenderá este mar vello?
Como digo onte sendo hoxe?
Como farto a miña verba do nacer que xa pasou!
Como reino nas migallas onde medrei un bon día!
Como piso forte sendo branda?
Como digo si si o non está escoitando?
Quen entenderá este mar vello?
Medro, medro e non sei onde parar.
Presá xa e ceguiña no cume
lévame,
lévame ó chan a verba.

“¿Que? ¿Como? ¿O que? ¿De que falas?” Esta foi a miña reacción cando me dixeron que ía actuar nunha curtometraxe.

Explicáronme que era para que os alumnos de 4º da ESO do Rosalía a presentasen nun concurso sobre a emigración. Pero entón que pinto eu aí, se vou en 6º e estudo no Pío XII. Dixéronme que precisaban alguén da miña idade para interpretar á irmá do protagonista, así que me convenceron e empezamos a gravar.

A miña primeira secuencia foi nun tren. Tiña que ser un tren antigo, así que fomos á Coruña, porque alí para un moi vello durante unha hora, todos os días. Tivemos que gravar a toda présa porque marchaba o tren, pero resultou moi divertido, sobre todo cando atopamos nun compartimento a un señor moi raro que falaba máis da conta.

Outro momento simpático foi cando me estaban gravando de costas mirando como se ía o tren. Levaban un anaco berrando que xa cortaran, pero co ruído que había na estación eu non oía. Cando me cansei, dei a volta e díxenlles: “¿cortades ou que?”

Tamén participei nunha secuencia moi emotiva, onde meu irmán se está preparando para marchar para Suíza. Miña nai e eu estamos preocupadas polo que lle puidese ocorrer fóra. Metémoslle chourizos na maleta para que non pasase fame e roupa de abrigo. Pero o certo é que os chourizos non chegaron a Suíza; cando acabamos de gravar asámoslos na lareira e papámoslos.

Foi unha experiencia moi interesante, unha cousa que me sorprende moito foi ver que a maioría dos actores eran profesores.

Cando me dixeron que gañáramos o primeiro premio alegreime moito. Pero tamén me deu rabia ver como os da ESO ían de viaxe a Bruxelas e eu quedaba na casa. É igual, a cambio eu estiven comendo un caldeiro de “golosinas” co que me agasallaron na gala da estrea da “curta”.

Sara Mouriño Pereiro

guion e dirección

XABIER MOURIÑO - JOSE ARCA



Xosé Luís R. Raposo

Sara Mouriño Pereiro


Borja Salgado

**por
pouco
tempo**

R
O
S
A
L
Í
A

P
R
O
D
U
C
I
Ó
N
S





Martes, 8 de maio do 2007. Acabo de recibir o premio ó mellor actor no Certame de Teatro Intercentros. Vaites, vaites, quen o ía dicir.

Aínda que este é o meu primeiro premio de teatro, non significa para min tanto como a sociedade se empeña en valoralo: "Os premios van determinar a túa calidade como actor".

De todos os xeitos, esa "figuriña" representa algo máis. Representa a intrahistoria da nosa obra de teatro: todas as paranoias que faciamos os venres pola tarde mentres ensaiabamos; as amizades dentro do grupo, que nunca máis se esquecerán; esa manía de maquillarse, que tan pouco me gusta e que tan necesaria parece; esas broncas do director do grupo... Iso é o que de verdade importa: traballar duro preparando unha obra de teatro e pasalo ben facéndoo, aínda que non che dean ningún premio. A competición queda nun segundo plano. O obxectivo é disfrutar e intentar que o público disfrute.

A pesar do que acabo de dicir, non vou ser tan hipócrita como para menosprezar o premio. Síntome contento, realizado. O feito de gañalo coa primeira obra na que actúo en toda a miña vida faime pensar un pouco.

Espero que todo o que me acaba de pasar signifique o comenzo dunha longa carreira como actor, aínda que soamente sexa como afeccionado.

Miguel Batalla



20 de abril, 13:30 horas. Proclámome campión galego de monólogos, no Teatro Principal... Pero este é o final da historia, así que seguirei polo principio.


Un día cheguei ó Instituto e vin algo que chamou a miña atención: un cartel que convocaba o concurso de monólogos do Centro. "Pode ser unha boa idea presentarme". Non me equivoquei.

Participamos 14 alumnos. Grazas ós moitos ensaios, fomos conseguindo que unhas cuantas frases, ditas de calquera maneira, acabasen parecendo un monólogo ben contado.

Chegou o día. Tocoume actuar en primeiro lugar e os nervios estábanse apoderando de min. Saín ó escenario, collín o micrófono e comecei: "Vouvos contar un segredo..." A reacción do público foi estupenda, e isto axudoume a coller confianza. Creo que non o fixen mal de todo. Chegou o momento das votacións e ¿que credes que ocorreu? ¡Quedei segundo, compartido! Non o podía crer. Pero o mellor aínda estaba por chegar.

Os 4 mellor clasificados representamos ó Rosalía no Tíralle da Lingua, Certame Galego de Monólogos. Chegamos cedo ó Teatro Principal. Nunca pensei que aquel escenario puidese impoñer tanto. Actuar alí foi o verdadeiro premio. Nós "contamos" ó principio. A competencia era moita e boa. Toda Galicia.

Chegou o momento da sentenza. O xurado ditaminou... O final da historia xa o coñeces.

A close-up photograph of a woman's face, looking down and to the right. A single tear is visible on her cheek. A large, semi-transparent red triangle is overlaid on the right side of the image, containing a column of text. The background is a soft, out-of-focus purple and pink.

AGORA ESTOULLES
A ESCRIBIR A
VOSTEDS, UN
XURADO QUE NON
COÑEZO E Ó QUE Á VEZ
TEÑO QUE TRANSMITIR
ALGO QUE NUNCA VIVÍN
DE PRETO. A VIOLENCIA
DE XÉNERO. BEN CERTO
SEI QUE PODE SER UN
MALTRATO PSICOLÓXICO
OU FÍSICO ENTRE ÁMBOLOS
DOUS XÉNEROS, QUE PODE
CHEGAR A CAUSAR GRAVES
CONSECUENCIAS QUE TODOS
VEMOS CON SÓ PRENDER A
TELEVISIÓN UN INTRE Ó DÍA
OU LER AS PÁXINAS DE
SUCESOS DUN XORNAL. MAIS
EU PENSO QUE VAI MÁIS ALÁ
DUN DANO, É UNHA
PERTURBACIÓN CARA Á
PERSOA, É COMO INVENTAR
UNHA NOVA MÁQUINA QUE
FUNCIONA CON MEDO, QUE
PERCORRE UN TÚNEL ESCURO NO
QUE SÓ SE VE UN POUQUIÑO DE
LUZ, ALÍ Ó FONDO, UNHA LUZ QUE
SÓ É CAPAZ DE ALCANZAR SE VAI
UN POUCO MÁIS ALÁ. É FROITO
DUN CÚMULO DE EMOCIÓNS,
ESBOURA NUNHA OU DÚAS BÁGOAS,
QUE ESCORREGAN POLAS
MEIXELAS. REFLÍCTEO NUNHA
MIRADA PERDIDA E TI NON TE DÁS
CONTA, NON PODES FACER NADA,
SÓ ELA TEN QUE SER QUEN DE SAÍR
ADIANTE.

As bágoas
non son o camiño

Rebeca Bernárdez



A MIÑA VISIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

A VIOLENCIA DE XÉNERO NON SE PODE ANALIZAR COMO UN PROBLEMA EXCLUSIVO DAS MULLERES (E HOMES) MALTRATAD@S. O NENO QUE MEDRA NUN AMBIENTE DE DESIGUALDADE E VIOLENCIA APLICARÁ ESA ENSEMANZA A TODOS OS ÁMBITOS DA SÚA VIDA, NON SÓ COAS MULLERES, SENON TAMÉN NAS SÚAS RELACIÓNS COAS PERSOAS, XA QUE APRENDERÁ A REPUDIAR TODO O QUE SEXA DIFERENTE.

O NOSO COMPROMISO CON ESTA CAUSA É O DE EDUCAR Á SOCIEDADE NOS VALORES DA IGUALDADE E DO RESPECTO, ADEMAIS DE CASTIGAR ESTE TIPO DE ACTOS E DE INTENTAR QUE NON OCORRAN MÁIS. PARA ISTO ÚLTIMO ESTÁN OS MECANISMOS DE AXUDA, COMO SON O TELÉFONO DA MULLER MALTRATADA OU OS ALBERGUES QUE AS ACOLLEN E PROTEXEN. TAMÉN TEMOS O COMPROMISO DE CONCIENCIAR ÁS VÍTIMAS DE QUE SE PODE SAÍR DESA SITUACIÓN E DE QUE NON DEBEN NIN TEÑEN PORQUE AGUANTALO NUNCA.

A MIÑA VISIÓN DO ASUNTO É QUE NINGUÉN DEBERÍA TER QUE SOPORTAR ESA SITUACIÓN: NIN A VÍTIMA, NIN A FAMILIA, NIN O PROPIO AGRESOR. PORQUE NON HAI DÚBIDA DE QUE A SOLUCIÓN DO PROBLEMA NON ESTÁ EN CONDENALOS, XA QUE AS SÚAS IDEAS SEGUEN PREVALECENDO. A SOLUCIÓN ESTARÍA, NA CONCIENCIACIÓN E EDUCACIÓN DA SOCIEDADE.

Hetería

Un grupo de 15 alumnos de 2º de ESO realizamos unha viaxe a Toledo e Segovia. Agora ben ¿por que fixemos esa viaxe? Pois grazas ás profesoras de sociais que nos enrolaron nun proxecto chamado Coñecer as Cidades Patrimonio. Este traballo consistía en facer un estudo sobre a cidade asignada este ano, Toledo. A nosa investigación centrouse principalmente no papel da muller no Toledo Medieval. Distribuímos as tarefas en grupos e así fomos traballando por separado para ó final coordinar toda a información coa inestimable supervisión das profesoras. Hai que dicir que o labor non foi doado, pero moi instrutivo. O que aprendemos facendo este traballo imos tardar en esquecerlo.

Como complemento ó noso estudo fixemos un vídeo relacionado co tema. Baseándonos nunha lenda toledana, Hetería de Toledo, interpretamos unha escena cotiá do Toledo Medieval, na

que unha muller cristiá axuda ás musulmanas a ler e escribir as súas cartas. Ó remate, todos coincidimos en dicir o mesmo: "cría que isto do cine era máis sinxelo".

Para a nosa sorpresa, gañamos. De aí a viaxe. Tivemos que ir alá, expoñer o traballo. Tivemos que subir ó escenario dúas alumnas para facer a presentación. Estabamos moi nerviosas pero recurrimos á nosa experiencia no teatro e fomos saíndo do apuro. Polo que nos dixeron, o noso traballo foi dos máis interesantes.

Na viaxe pasámolo en grande. Vimos moitos monumentos e explicáronnos moitas cousas, pero o mellor de todo foi o cachondeo que montamos por alí.

Andrea Barreiro





Adriano Quiroga

Andrés Peleteiro

Jacobo Viletes

Hai poucos motivos para erguerse ás horas que nos erguemos aquel día. Saímos do instituto moi moi cedo: serían as oito e pico, exactamente. A viaxe fíxose curta; amenizada por todo tipo de actividades educativas: xogar ás cartas, idiotizarnos cos videoxogos, "chinchar" ó próximo. En definitiva, facer o animal.

Aínda que as nosas actividades eran moi instrutivas, as profesoras non deixaban de intentar evitalas con soporíferas charlas sobre a paisaxe.

Nada máis pisar chan estranxeiro extendemos a bandeira da nosa querida Galiza, orgullosos ante os sorprendidos habitantes do lugar.

En teoría, o mellor desta viaxe serían as visitas culturais: catedral, sinagogas,

mezquitas, restos arqueolóxicos, e outros lugares onde os guías soltaban rolos que só as profesoras escoitaban; pero na práctica, o importante foron as barbaridades que protagonizamos: a noite en vela no tellado, os intentos de reunirmonos todos na mesma habitación sen ser vistos polas profesoras -intentos fallidos en Toledo pero exitosos en Segovia- e demais animaladas variadas.

Por todo isto, o momento máis triste da viaxe foi, sen dúbida, o regreso. Sentiámonos como un grupo de condenados a volver á rutina escolar. O ánimo da ida decaera. As troulas e a diversión tamén foron menores na viaxe de volta. Pero, aínda así, algo enchía o noso corazón: voltabamos a Galiza, á nosa casa.

O domingo día 11 de marzo de 2007, dezasete alumnos de 4º da ESO emprendemos unha viaxe experimental de inmersión na lingua e cultura irlandesas, durante tres semanas.

No aeroporto de Santiago había nervios, risas, despedidas, recomendacións innecesariamente repetidas... pero estou segura de que todos estabamos desexando marchar; a metade de nós nunca estivera fóra do país nin tanto tempo sen as nosas familias, e iso... ¡Encantábanos! Estabamos desexando chegar a Irlanda e pasar tres semaniñas sen pais, irmáns... libres.

A viaxe fixémosla en avión, con Maribel, xefa de estudos, e Ana, profesora de inglés. Facendo escala en Madrid (na T4 por certo) ocorreu unha das primeiras anécdotas da viaxe: vimos a María Adán (a "pija" de *Aquí no hay quien viva*), cunhas gafas de sol en plan diva. Alí coñecemos á monitora de Lingua e Cultura Inglesas (da organización coa que viaxabamos) que é, sen dúbida, un dos mellores recordos que temos da viaxe.

Chegamos alí, ao aeroporto, case cando anoitecía e no autobús que nos levou a Monaghan fíxosenos noite pechada. O primeiro encontro coas familias merece un aparte: nós estabamos todos no autobús e sentiámonos como en "Gran Hermano", Maribel íanos "nominando" e saíamos un a un para coñecer a familia coa que viviríamos as tres seguintes semanas.



Ao día seguinte, no instituto, Beech Hill Collage, todos contabamos anécdotas sobre a primeira noite coas "nosas familias". Despois de que nos ensinaran o instituto e de ter oído como unhas mil veces "Hola amigos" (logo descubriríamos que eran practicamente as únicas palabras que sabían, e que as aprenderan por uns zumes de laranxa que se chamaban "Amigo") dividíronnos en grupos de tres ou catro por clase, a uns tocounos en 4º curso e a outros en 5º.

Polas tardes os españois acostumabamos a xuntarnos no "Shopping centre" de Monaghan e íamos ás tendas, ao Tesco (supermercado) ou a McDonald's.

Como o primeiro sábado que pasamos alí foi o día de San Patricio quedamos case todos para vermos o desfile, no que dicían que había unha banda española de gaiteiros, pero ninguén conseguiu vela.

Fixemos unhas cantas excursións; unha por todo Monaghan, outra ao xacemento prehistórico de Newgrange, fomos a un parque chamado Rossmore, a un museo onde fixemos pezas de cerámica... Tamén coincidiu cando nós estabamos unha feira que tiña un aire coa Ascensión, pero nin de lonxe.

Á volta ninguén quería marchar, intentamos convencer a Maribel de quedar tamén na Semana Santa pero non puido ser.

Isto foi só o principio, nós fomos os coellos de Indias. O ano que vén máis e mellor. A verdadeira inmersión está por chegar.



Que fará o Rosalía para que as súas excursións sexan sempre... ^eXtRaCunDINTEs^ Á volta sempre hai miles de historias que contar ós amigos que non foron, e podemos darlles envexa durante moitos meses. Que será o que fai posible todo iso. Pois está clarísimo que é cuestión de seleccionar os mellores ingredientes:

Que? Unha excursión xuntando tres institutos de alemán de Galicia, o Xelmirez I de aquí de Santiago, as Lagoas de Ourense e, por suposto, o noso.

Quen? Catorce amigos e unha profesora con moitísimo interese en aprender e, sobre todo, de pasalo ben.

Onde? Nunha cidade única como Viena.

Cando? En outubro, para que certo/as alumno/as puidesen seguir usando camisetas de verán e lucir corpazo...

Por que? Para aprender, sumerxirse nunha nova cultura, descubrir un país descoñecido para nós, facer amigos, coñecer outros costumes e aprender a manexar o mellor posible unha lingua tan difícil como o alemán. Porque a mellor forma de coñecer outras culturas é viaxando, e iso foi o que nos propuxemos. Porque esta excursión deixou moitísimos bos momentos. Quizais demasiados porque aínda hoxe nos entristecemos ó recordar aquelas noites sen durmir, aquelas tardes recorrendo a cidade, aquelas mañás en que baixabamos a almorzar cunhas olleiras enormes. Unhas nais preocupadísimas porque os seus nenos ían saír ó frío de Viena co pelo sen secar. Menos mal que estaban alí os secadores, difusores, pranchas e demais para saír cada mañá na nosa axuda.

Unha viaxe en avión na que algúns empezamos a forxar as primeiras relacións... algunhas que non rematarían nin de volta en Galicia, porque como di Gemma, somos unhas hormonas andantes. Pero estas hormonas souberon vestirse para ir á Óper. Paseos polos corredores a altas horas, camas sen estrear, mañás loitando pola ducha, camas requeteestreadas, metro, museos de todo tipo, palacios, comidas de nome impronunciable con elaborada presentación e estraño "re gusto", petar nas portas para mendigar unha cama, xogos de cartas, tardes no sofá contemplando ós habitantes do albergue subir e baixar, cancións, música.

En resumo, risas e sorrisos, cultura, música, paseos, alemán, bágoas, fotos, amigos, cartas, vistas, Un sofá moi cómodo, visitas a palacios increíbles, compras, ONU... Inesquecible.



ANDREA-PUY GÓMEZ



Rennes



PARÍS

Isabel Retuerto

Rita M^a Vidal

Ola! Chámome Adidas e son a mochila de Isa e mais de Rita. Son compartida, mercáronme entre as dúas para ir de viaxe a Francia, e alí pelexábanse por levarme. Será que me queren moito.

Esta foi a mellor viaxe da miña vida, e a única, todo hai que dicilo. Primeiro o aeroporto, onde o único que vin foi unha morea de rapaces felices e ansiosos por comezar a viaxe e unha cinta negra moi longa que andaba soa e tiña un montón de maletas distintas enriba. Ese momento non me gustou demasiado, pero unha vez en París todo foi xenial.

Vin moitos museos, moitos franceses e moitos monumentos. Algúns tan grandes e impresionantes como a Torre Eiffel. Aquilo foi increíble, aínda que tiveron un pouco de medo, porque as miñas donas estaban todo o tempo a tremer e eu cheguei a pensar por un momento que nunha arrouxada das súas me ían tirar pola varanda abaixo; aínda que unha vez en terra firme non fixen máis ca rir. É moi divertido ver ás miñas donas intentando falar francés máis ou menos decentemente para poder entenderse coa xente.

As noites no hotel tamén foron moi divertidas, aínda que eu estiven todo o tempo guindada no chan e só vin xente saír e entrar no cuarto, pero como o único que se oían eran risas supuxen que as miñas amigas estarían a pasalo ben.

Houbo un día, a última noite de París, que me asustei un pouco, porque estábamos todos a escoitar a un rapaz que tocaba e cantaba na rúa e, de súpeto, comecei a encherme de panos de papel mollados. Mirei estrañada ás miñas donas e comprobei, con sorpresa, que estaban a chorar! E aínda non sei hoxe por que... A verdade é que o rapaz mal mal non cantaba!

Os días en París foron xeniais, pero os de Rennes foron perfectos. Aínda que ao principio o pasei un pouco mal, porque en París estábamos todos xuntos, pero alí cada un ía para unha casa diferente e eu íame ter que separar dunha das miñas donas. Menos mal que elas son moi listas e ocorréuselles a idea de terme unha parte da semana cada unha delas.

Nestes cinco días pasaron tantas cousas que son totalmente incapaz de recordar e contalas todas. Foron tantos momentos que nunca esqueceréi... E estou segura de que as miñas donas tampouco. Esta foi a mellor viaxe da súa vida, e iso que elas fixeron bastantes máis ca min!

No ano 2001 chegamos ó instituto Rosalía de Castro. Todo eran nervios (coa bolboretina no estómago), pois comezabamos unha nova etapa na nosa vida. O feito de chegar aquí facíanos sentir maiores, ¡Eramos nenos de instituto! Empezaban as clases, coñeciamos a novos compañeiros, todo aquilo supoñía moito cambio. Tiñamos un “profe” por asignatura, que pasaba un exame crítico por nós, os seus pupilos.

Nos dous primeiros anos contabamos co recreo de 10 minutos, que se convertían en 10 minutos de salsa rosa.

Lembraremos sempre con agarimo a moitos profesores. Como esquecernos do “se non queres caldo, sete cuncas”, da nosa “profe” de galego, Fina; ou o seu típico “¡Pon copia!”. Ou o famoso “exilio” de Cela, era un dos seus habituais castigos: mandarnos ó fondo da aula; as filas de diante sempre quedaban baleiras.

En 2º de ESO, con María Potel, gañamos o concurso “Coñecer as Cidades Patrimonio”, o premio foi unha viaxe a Cáceres e Alcalá de Henares. Nestes seis anos fixemos moitas outras viaxes: Salou (sol, praia, voltar como “conguíños”), Andorra, Alemaña, Grecia, París, Roma... increíble.

Foron moitas as sensacións que experimentamos nestes anos: ó chegar a 3º, co permiso da saída ó recreo convertíámonos en rapaciños máis libres. Co paso do tempo chegaba o momento esperado, subir ó 2º andar, onde estaban todos os mozos de Bacharelato que ata entón os viamos como “os maiores”.

Co 2005 tocábanos entrar neste último “sprint”. Coñeciamos a máis xente que viña doutros centros, tiñamos que escoller o que queríamos facer, xa mirando cara ó noso futuro. Tivemos que separarnos unha vez máis de antigos compañeiros.

O último ano viña a ser o máis duro de todos, case non comezamos e xa tiñamos a selectividade enriba; foi un abrir e pechar de ollos.

Ó remate desta travesía puidemos comprobar que para chegar a ser aqueles nenos inalcanzables quedaban e quedan moitos camiños por percorrer.



Josefina González María Herranz

Caminus Stellarum

Se por algo é coñecida a nosa cidade é pola súa catedral, onde se veneran os restos do Apóstolo Santiago e polo camiño que leva a ela. O camiño de Santiago patrocínase a todos os niveis, un negocio florecente no que conflúen inxentes intereses políticos, relixiosos e empresariais.

A tradición lévanos a crer que o Apóstolo Santiago está enterrado na catedral de Compostela. Segundo a lenda, o ermitán Pelaio viu unhas luces aló polo S.IX, que semellaban estrelas fugaces caendo sobre un outeiro; este informou ó bispo de Iria Flavia o cal atopou nese lugar un sepulcro de pedra no que descansaban os restos de Santiago e dos seus dous discípulos. A partir deste descubrimento, a súa tumba converteuse na meta de millóns de peregrinos de todas as partes de occidente. Ro S.XVI os restos agóchanse dos saqueos e volveranse a descubrir dando lugar á expedición dunha bula do Papa León XIII para confirmar a autenticidade deses restos. Esta bula, xunto co descubrimento da tumba de Teodomiro no 1949 fai renacer o camiño. E xa a finais do S.XX comeza a darse un auxe do turismo en España e con el, do camiño.

Isto é o que se conta oficialmente, o que non se di son uns pequenos "detalles" que farían dubidar da autenticidade do camiño e dos restos de Santiago.

Analícemos as orixes do camiño:

Hai probas fidedignas de que existe un "camiño" no ceo, un sector visible da Via Láctea, a galaxia á que pertence o noso sistema solar; e que os celtas, baixo a dirección dos seus sacerdotes, os druidas, xa promovían marchas de peregrinos ó lugar onde hoxe se atopa Compostela, cara á meta de Fisterra. Un camiño cara á morte alegórica, cara ó lugar onde morre o sol e se acaba o mundo coñecido. Na aldea de Corme, aínda se conserva parte da primeira calzada que unía Compostela a Fisterra e que no lugar é coñecida como "Camiño das pescas". Estas crenzas desaparecen tras a cristianización da Hispania a partir dos séculos IV e V (séculos posteriores á morte do Apóstolo) debido á necesidade da Igrexa de adaptar os ritos e crenzas pagás ás ideas que intentaba introducir.

Analícemos agora a figura do apóstolo:

Segundo a lenda, os restos foron descubertos polo bispo de Iria Flavia despois de ser posto en aviso polo ermitán Pelaio. ¿Como pode ser que 800 anos despois da morte de Santiago e co avanzada que debía de estar a ciencia forense da época fosen identificados os restos do Apóstolo e de dous dos seus discípulos?

Miguel Batalla



¿Quen está enterrado na catedral?

A miña resposta é: Prisciliano.

A figura de Prisciliano é unha das grandes descoñecidas da historia de Galiza. Oficialmente foi un herexe, historicamente outra cousa ben distinta.

Raceu en Iria Flavia, un lugar de ancestrais cultos protocélticos, encravado nun outeiro que semella un xigantesco menhir, última etapa de peregrinación para os druidas antes de chegar a Fisterra. Prisciliano creou unha doutrina baseada nos ideais de austeridade e pobreza que instaba a abandonar a opulencia e as riquezas para unirse ós pobres e condenaba a institución da escravitude, ó tempo que lle concedía unha gran importancia á muller, chegando a abrirollle as portas do sacerdocio. A súa influencia na época foi tan grande que chegou a ser perseguido polas máis altas esferas: é condenado a morte tras sufrir grandes torturas na cidade de Tréveris. Tras a súa execución, o seu cadáver foi levado a Galiza, e a ruta que seguiron os seus portadores non difire moito do Camiño francés. A súa figura perdurou durante algo máis de 200 anos na Gallaecia tardorromana e sueva, ata que un concilio celebrado nos tempos do rei Teodomiro, puxo o punto e final ó priscilianismo.

O apoio da Igrexa cristiá ó camiño explicase co fracaso de Terra Santa e a necesidade de ofrecer unha ruta de peregrinación alternativa, e o apoio político explicase coa necesidade de ocupar terras despoboadas conquistadas ós musulmáns en Castela.

Se por algo se caracterizan os séculos XX e XXI é por un baleiro espiritual, así xorden novas crenzas, o neopaganismo cada vez cobra máis forza e o inxente número de asociacións iniciáticas pretenden encher ese baleiro, a maioría delas baseadas en parvadas.

O camiño de hoxe en día está totalmente desvirtuado e aínda peor, totalmente adaptado ás necesidades do turismo moderno, iso explica o escaso, case nulo, interese histórico, arqueolóxico e cultural que recibe. O camiño é actualmente unha ruta dedicada a facer deporte, unha ruta para snobs (os chamados "píjigrinos"), etc: non é nin de lonxe (só en moi poucos casos) esa ruta que respondía ás crenzas cristiás e moito menos é esa ruta pagá e iniciática.

Por sorte hai certas persoas, todas elas alonxadas de asociacións iniciáticas, sectas ou relixións, que utilizan o Camiño para poder unir o seu corpo e a súa alma aproveitando a soidade e a paz que este lles proporciona.




HORAS DIARIAS DE ESTUDO




ENQUIISA

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES



AXUDA NAS TAREFAS DA CASA



Un grupo de alumnos de 1º e 2º de ESO decidimos realizar unha enquisa entre os nosos compañeiros para coñecer un pouco mellor os seus hábitos diarios. Queríamos saber a que dedican o tempo fóra do horario escolar, tanto durante a semana como na fin de semana. A enquisa realizouse entre as oito clases do 1º ciclo (220 alumnos)

Comprobamos que a maioría dos alumnos dedican entre unha e dúas horas diarias a facer os deberes e estudar. Aínda que unha porcentaxe moi elevada asegura que depende de se estamos en época de exames ou non. A porcentaxe mantense durante a fin de semana.

Desde que se implantou a xornada única, temos máis horas disponibles para realizar actividades extraescolares. Os deportes en xeral son os que atraen a un maior número de alumnos, aínda que as actividades artísticas tamén resultan de gran atractivo. Sen embargo, un número elevado de alumnos declaran non asistir a ningún tipo de actividade extraescolar.

Polo que as enquisas reflicten, axudamos bastante nas tarefas da casa, aínda que os máis sinceros confesamos que o facemos máis ben pouco.

CARTOS DISPOÑIBLES Á SEMANA



No que se refire á nosa economía apreciamos grandes diferenzas: a maioría dos alumnos din dispor de menos de tres euros á semana, pero a mesma porcentaxe asegura ter máis de seis. Unha boa parte destes cartos vai parar á telefonía móbil; parece que temos moito que contamos cando non estamos xuntos.

As horas que botamos diante do televisor merece un aparte. Sorprende comprobar a elevada porcentaxe de alumnos que confesan ver a "tele" máis de dúas horas diarias. Unha boa parte dos compañeiros din ver programas que en principio estarían destinados ás persoas adultas, non só polo contido, senon tamén polo horario no que se emiten. Sería o caso dos "realities", por exemplo, que ninguén ve pero que todo o mundo coñece. Aínda que os programas máis vistos son as series de ficción.

GASTO SEMANAL EN MÓBIL




TELEVISIÓN DIARIA




Jaime Fernández
Pablo Mascareñas
Andrés Peleteiro
Carlos Rivas
Anxo Carreira
Francisco A. Díaz
Jose A. Sánchez





Non o sei. Que raro... Xa está.




¡Non se move!

Non "mighiña"
Iso tamén o
vexo eu.




Alguén cortou este cable.




¿Que é isto?

Parece
masa de
churros.



Claro. Foi ela. Cris.

¿Que estás dicindo?




Fomos mozos, pero deixei
por Yim... Ela non mo vai
perdoar nunca.



¡Sacádeme de aquí!



Xa está.



Que medo pasei.

Se me fixeses
caso...

Guión:

Rosa Amarelle

Eva Villar

Inferno Azul



David Sánchez
Auxo Ulecha

Inferno Azul nace nos comezos do ano 2005 tras unha escolla realizada por varios membros da antiga peña ULTRAS*ROSS, berce do noso colectivo e da cal conservamos as siglas U*R xa que nunca nos esqueceremos dese nome e do que significa. A peña comeza improvisadamente no partido Rosalía-Castellón do día 12/11/2004, cando un grupo de amigos decidimos acudir a ver ao equipo do noso Instituto. A nosa sorpresa foi comprobar que alí non animaba ninguén. Nun arrebatado de desinhibición un par de colegas puxéronse a berrar cánticos de ánimo ao equipo sendo seguidos polo resto do grupo. Tras este partido falouse de crear unha peña, para ir aos partidos e tolear, máis que animar, e pasar o tempo. Así creamos o grupo ao que demos en chamar ULTRAS*ROSS. Cara ao primeiro partido da peña (Rosalía-Buesa, 26/11/2004), estivemos a "reclutar" xente para acudir a Sar. A primeira pancarta fíxose o mesmo día do partido. O clube cedéunos un bombo e animamos ata quedar sen voz. Os xogadores sentiron certa complicidade e gañáronlle ao líder.

O resultado do anterior partido motivou á xente a seguir animando e o grao de festa na grada fixo que se sumaran máis amigos. No seguinte partido o Rosalía estreaba fichaxe e, como bos seareiros, fixémoslle unha pancarta de benvida ao novo xogador.

Co paso do tempo o grupo foi a menos por mor dos malos resultados do equipo. Mais, ao quedar a xente que máis sentía as cores, fixémonos

máis serios. A dirección do Centro pediunos cambiar o nome, xa que "ULTRAS*ROSS" implicaba unha vinculación á ultradereita. E así o fixemos, tras rexeitar varias propostas quedamos con Inferno Azul (I.A.), sen retirar da nosa grada a pancarta de ULTRAS*ROSS. Este cambio coincidiu co paso de "grupo de amigos" a "seareiros ata a morte", foi como pasar de adolescentes a adultos. Contando co apoio da directiva, medramos. No derradeiro partido de lliga despregamos unha pancarta xigante onde se podía ler "ROSALIA LEVÁMOSTE NO CORAZÓN".

No primeiro ano de vida xa nos enfrontamos a situacións complicadas e tivemos que disputar un "play out" contra o Guadalaxara. Non conseguimos apoio financeiro para viaxar aos dous primeiros partidos a terras manchegas, mais nos dous disputados en Compostela, démollo todo e contamos coa colaboración dos CHANGO'S.

No cuarto partido do "play out" volveuse despregar a pancarta xigante acompañada dunha ferverenza de papel hixiénico ao principio e outra ao empezar o 3º cuarto. Aínda así perdemos, e fixo falta un 5º partido en Guadalaxara. Para acudir puxemos todos os medios necesarios, pero a Consellería de Educación prohibiunos asistir porque o encontro estaba considerado de alto risco. Tivémonos que amolar e escoitalo pola radio. Todos estivemos pendentes dela ata a fin do partido e a euforia desatouse ao saber que o noso equipo se mantiña en LEB2 outro ano máis.

A consolidación de Inferno Azul produciuse na temporada 2005/06. O Rosalía seguiu unha liña ascendente na primeira volta e a mediados da segunda comezou a decadencia, tanto de xogo como de resultados, mais non así de afección. A falta de oito xornadas, eran precisas dúas vitorias para asegurar os play-off, mais foron oito derrotas, perdendo unha oportunidade de ouro para ascender á categoría que merecemos: LEB.

As expectativas de Inferno Azul foron medrando, creouse o primeiro artigo de "merchandising", da peña: unha camiseta de corpo "azul royal" e mangas brancas, lisa por diante e co logo de Inferno Azul nas costas. Non se tardou en facer o primeiro "tifo" (colgouse desde o 2º anfiteatro, unha pancarta na que se podía ler: "3 ANOS DESPOIS SEGUIMOS BERRANDO"). Máis adiante argallouse outro "tifo" consistente nunha ferverza de papel hixiénico e pancartas onde se lía: "O VOSO ESFORZO É O NOSO ORGULLO".

O último espectáculo visual de animación foi no partido contra o Celso Míguez de Pontevedra, que na súa visita a Sar atopáronse cun "GALIZA É DO ROSALÍA", acompañado do mapa de Galiza, que ocupaba toda a Zona IA. Nesta temporada, Inferno Azul desprazouse a ver partidos do Rosalía fóra de Compostela: Pontevedra, Palencia e Ourense.

Sen dúbida, a presente campaña foi das mellores da historia deste clube. Comezamos cunha espectacular bagaxe de 5 partidos consecutivos gañando. O equipo acabou a Liga Regular na 2ª posición. Inferno Azul seguiu a liña da anterior campaña pero con maiores expectativas. Fixéronse numerosos "tifos", pancartas e novas camisetas tanto para mozos coma para mozas. Seguimos coas viaxes: Vigo, Ourense e Palencia, a onde chegamos "in extremis" por mor dunha avería no bus, mais conseguimos, cos nosos berros, que o equipo remontase o partido fronte a 2500 palentinos.

Inferno Azul fixo un gran esforzo este ano, e realizou numerosas actuacións e inversións para enganchar á xente, vendemos camisetas, realizamos pancartas e a primeira web dedicada ao noso equipo: www.infernoazul.com. A páxina máis triste escribiuse cando fomos eliminados da Copa LEB 2 na nosa propia casa. Pero a alegría comezou hai só unhas semanas, cando comezaron os "Play Offs" de ascenso derrotando ao primeiro equipo, o Palencia, por un contundente 3 a 0. Coa mesma autoridade derrotou ó Ourense en semifinais, para así conseguir o seu obxectivo este ano: **O ASCENSO Á LIGA LEB. Xa estamos aquí. Noraboa ROSALÍA.**



...para ti

